

GUIA DE SALA

A exposición consta de catro grupos de fotografías e mais un panel con sete obxectos persoais, que resumen sucintamente aspectos esenciais da vida de Kristina Berg Casares.



1

Comeza co retrato da pequena Karin Ana Kristina Berg sobre o seu poni Dante, a quen coidaba con mimo. En Vislanda vivía o avó Magni, que un día lle construíu un espello aparador coa madeira dunha pereira, e que ela conservou toda a vida como o tesouro máis prezado.

Un conxunto de seis fotografías achégannos á súa adolescencia, cos seus pais e ás súas amigas. Móstranse as seis orixinais xunto coas restauradas por Vitor Vaqueiro.

"En Halmstad, no inverno, xéanse as augas, as veces coa forma das ondas. E cando ven o frío seco de Rusia, neva e neva durante meses. Claro que se ten nostalxia da neve! Significa saír a xogar, a patinar, a esquiar e navegar en veleiros que esvaran no xeo. Faciamos tamén faroliños con bolas de neve, cunha veliña dentro. Cando cae a primeira nevada, todo se volve absolutamente silencioso. Non se senten os pasos". [A Manuel Rivas, La Voz de Galicia, 1/07/1990]

2

A Kristina atraíalle o teatro, gustáballe representar apaixonantes vidas alleas e sentir o calor da xente. Formou parte do grupo teatral da escola, participou nunha serie de TV sueca e foi a *dobbe* de Liv Ullman na película *Os emigrantes (Utvandrama, 1971)*, de Jan Troell, na que Max von Sydow formaba parella coa Ullman. Este grupo de fotos cubre esa época.

3

"Eu ía para A Coruña, para embarcar nun veleiro, un fermoso barco feito a semellanza dos antigos, e no camiño coñecín a Carlos. Digamos que foi el o porto a onde cheguei". Así resume Kristina Berg o encontro fortuito con Carlos Casares nun vagón do TER, na parada de Ourense, que cambiou a vida de ambos.

A foto na que aparece entre Carlos Casares e Ramón Piñeiro tirouna a dona deste, Isabel López na casa de ambos da rúa de Xelmírez, en Santiago de Compostela. "A felicidade é inxenua, sinxela".

4

Kristina Berg leu o pregón da Romaría Viquinga de Catoira o sábado 3 de agosto de 1996, antes da representación da obra "Oeste, o milagre que nunca sucedeu", de Julio González Lorenzo.

"En certa forma, Galicia sobrecolle, desperta unha gran curiosidade. Isto mesmo téñollo oído tamén a outras persoas".

PANEL

Dende a esquerda: •fotografía nunha rodaxe; •debuxo dos anos 70 para Julio Losada (col. particular); •cabaliños vermellos de Dalarna (Dalahäst) da colección persoal de Kristina Berg; •diploma dun curso que seguiu sobre Literatura Infantil; • invitacións para á onomástica de Juan Carlos I [-"Vostede ¿fala galego?" Preguntoulle dona Sofia. -"Un pouco mellor có castelán, si" - contestoulle Kristina.]; e • dúas axendas de traballo, a de 2002 aberta no 9/03: "Meu querido Carlos morreu dun infarto. Non podo crer que sexa certo".